

**6x6 PUNTO DE ENCONTRO
O ARRABAL**

***O MAR TAMÉN TEN
AMORES***



SETEMBRO 2021

“6x6 punto de encontro: O Arrabal”

En qué consiste?

O proxecto “6x6 Punto de encontro: O Arrabal” é un obradoiro de teatro veciñal que combina o traballo nas artes escénicas e do movemento, a implicación e participación activa da poboación local e a revalorización de espazos con valor patrimonial do concello de Oia.

A través de varias sesións de formación, traballo arredor do patrimonio e participación veciñal, dirixidas por A Artística, co material recompilado elabóranse diferentes pezas dramáticas e intervencións a representar en varios espazos do casco histórico do Arrabal¹, na contorna do Mosteiro de Oia. O colofón da actividade é a propia xornada de representación, na que o alumnado do obradoiro participa xunto con artistas profesionais e talentos novos galegos.

Ata o de agora, as representacións desenvolvíanse na vía pública, obtendo un notable éxito de público nas dúas edicións desenvolvidas (2018 e 2019). O ano 2020 non se puido celebrar por mor da COVID-19 e para este ano o proxecto retómase cunha serie de cambios no seu formato e desenvolvemento, a fin de adaptarse ás novas circunstancias que impón a pandemia e garantir a súa viabilidade.

O proxecto global conta coa dirección artística de A Artística (Alfredo Rodríguez+Olga Cameselle) e se desenvolve baixo a organización do Concello de Oia, quen o financia xunto coa colaboración doutras administracións. Na edición deste ano, o proxecto é beneficiario do programa “O teu Xacobeo” da Xunta de Galicia e tamén conta coa colaboración do Mosteiro de Oia, que cede o seu espazo para a xornada de representación do 25 de setembro.

¹ A imaxe da portada correspóndese cunha intervención artística na contorna da fonte de San Cosme e San Damián na edición de 2019.

A edición 2021:

“6x6 punto de encontro: O Arrabal. O mar tamén ten amores”

A temática escollida para este ano xirará arredor da muller: visibilización de historias silenciadas ou pouco visibilizadas/recoñecidas, posta en valor de actividades tradicionalmente desenvolvidas por mulleres, etc.

De xeito habitual, o relato da historia de Oia sempre foi ligado a figuras masculinas: os abades e monxes de Oia, os reis benfeitores, o Mosteiro como campo de concentración masculino... Porén, se ollamos un pouco máis alá, atopamos os legados de mulleres con influencia, poder, afouteza, compromiso e altruísmo: algunhas delas con nome e apelidos e outras moitas anónimas.

Baixo este fío condutor, o proxecto “6x6 punto de encontro” desenvolverá unha “visita guiada” moi especial no interior do Mosteiro de Oia. En cada unha das paradas haberá unha intervención/representación por parte dunha artista convidada e máis do alumnado do grupo de teatro veciñal da presente edición.

Datos da representación:

- Día: sábado 25 de setembro.
- Lugar: Mosteiro de Oia.
- Horario: 12.00h, 17.00h e 19.00h (tres pases).
- Espazos do Mosteiro e intervencións artísticas:
 1. Praza de Armas: benvida e presentación.
 2. Refectorio: intervención de Mónica de Nut + alumnado obradoiro.
 3. Horta: intervención de Elsa Pereira + alumnado obradoiro.
 4. Xardín: intervención de AveLina Pérez + alumnado obradoiro.
 5. Figueira: intervención de Silvia Penas + alumnado obradoiro.
 6. Claustro: intervención-peche a cargo de Gloria Rodríguez Gil + colaboración especial de Jose Pereira.

Edición 2021:

Artistas convidadas

Mónica de Nut



Mónica de Nut é unha cantante ecléctica (ópera, jazz, contemporánea, experimental e música galega de raíz), ademais de actriz con experiencia na danza contemporánea.

Diplomouse en Pedagogía Musical e licenciouse na Escuela Superior de Canto de Madrid. Compaxina a docencia coa composición musical e as artes escénicas.

Publicou tres discos en solitario e forma parte doutros proxectos musicais internacionais como Déixaas, de Mercedes Peón, ou Tosta e Koklea, de Oreka Tx.

Elsa Pereira



Elsa Pereira conta con formación en danza contemporánea, Butoh, teatro e clown. Experimenta co seu e con outros corpos dende 2013.

En 2019 mudouse ao Porto onde frecuentou a Formação avanzada en creación coreográfica, presentando diversos traballos dentro do proxecto académico, entre os que destaca *Ingrain*.

Facilita obradoiros de improvisación e investigación do movemento en diversos espazos non convencionais, como a Unitaria (Santiago de Compostela), co obxectivo de mover corpos diversos.

AveLina Pérez



Creadora escénica, formada en interpretación na escola Santart, é titulada en dirección de escena e dramaturxia na ESAD de Galicia.

Leva adiante o seu propio proxecto escénico que atende á escrita dramática, á impartición de obradoiros e ás producións propias, das que *Eco; Por favor, ténteo novamente máis tarde* e *A que non podes dicir cocacola? (II)* son as máis recentes.

Premios a destacar: o Abrente de Textos teatrais e o Álvaro Cunqueiro.

Silvia Penas



O seu traballo ten como punto de partida a creación de textos, cunha forte vocación de indagar na poesía escénica e outros formatos de poesía efémera, de incorporar a palabra poética ao corpo a través da voz.

Conta con varios volumes de poesía publicados, entre eles os premiados: *Biografía da multitude*, en coautoría con Elvira Riveiro Tobío (premio de poesía Victoriano Taibo), *As uñas crecen* (gañadora do I Certame Lueiro Rey de Poesía, publ. 2014) e *Diario de ladras, bailarinas, asasinas e flores* (Premio de Poesía Avelina Valladares).

É cocreadora da peza teatral *Sofía e as postsocráticas* da Compañía Inversa teatro e desempeña o labor de actriz.

Gloria Rodríguez Gil



Conta cos títulos Superiores de Solfexo, Piano e Música de Cámara obtidos no Conservatorio Superior de Música de Vigo; e o Superior de Composición e Orquestración no Conservatorio Superior de Música de Barcelona.

Estreou unhas 40 composicións, 14 retransmitidas pola Radio Nacional de España, Radio Voz e Radio Televisao Portuguesa. Sete están editadas en Periferia Sheet Music, catro en Dos Acordes e sete polo Consello da Cultura Galega.

Actualmente imparte clases de linguaxe musical no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Coa colaboración especial de Jose Pereira

Quen pon a súa voz ao tema musical de Gloria Rodríguez Gil dedicado a Oia.

Edición 2021:

Obradoiro de teatro veciñal

Dirección artística:

Alfredo Rodríguez (A Artística).



Apoio documental:

Patricia Muñoz Raña (Amodo, turismo para descubrir).



Alumnado:

1. Rosa Alonso Álvarez
2. Isabel Rodilla Villamiel
3. Ángeles Fernández Trigo
4. Marisa Guerra Cañizo
5. Marisa Da Silva Valverde
6. Delfina Álvarez Crespo
7. Laura Alonso Iglesias
8. Hugo Pacheco Domínguez
9. Mónica Domínguez Valverde
10. Vanesa Domínguez Valverde
11. María Victoria Valverde Peleteiro
12. Patricia Muñoz Raña
13. Manuel Senra Opazo

Agradecementos

Desde o obradoiro de teatro veciñal queremos agradecer a colaboración e apoio prestado polas seguintes institucións e persoas:

-Mosteiro de Oia, pola súa colaboración desinteresada no proxecto, cedendo o espazo e dando todas as facilidades para o desenvolvemento da actividade. Xoán, Sarah e Consuelo, moitísimas grazas pola vosa boa acollida, dispoñibilidade e colaboración prestada.



-Fernando Javier Costas Goberna e Raquel Pérez Fernández, polo seu apoio e compromiso constante ao longo das distintas edicións do “6x6 Punto de encontro o Arrabal”.

-Panadería Sindo.

-Todas as persoas que participaron nalgunha das edicións anteriores do “6x6” e que, por diversas causas, non puideron formar parte desta do 2021.

Anexo 1.

Algunhas ligazóns de interese:

-Vídeos de edicións anteriores do 6x6: <https://youtu.be/5Fs-DI9AU14>

Anexo 2.

Cartel

6X6 PUNTO DE ENCONTRO O ARRABAL

O MAR TAMÉN TEN
AMORES

OBRADOIRO DE TEATRO VECIÑAL DE OIA

SÁBADO 25
SETEMBRO

REPRESENTACIÓN DO OBRADOIRO VECIÑAL
+ARTISTAS CONVIDADAS

MÓNICA DE NUT
ELSA PEREIRA
AVELINA PÉREZ
SILVIA PENAS
GLORIA RODRÍGUEZ GIL

MOSTEIRO DE OIA. AFORO LIMITADO
TRES PASES GRATUÍTOS (12.00, 17.00 E 19.00H)
INSCRICIÓN: cultura@concellodeoia.es
+INFO: 986 36 21 25



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo 2021

Anexo 3.

Actividade complementaria: paseo guiado "As do Arrabal"

PASEO GUIADO

"AS DO ARRABAL"

UN PERCORRIDO EN FEMININO
POLO BARRIO E A SÚA HISTORIA

DOMINGO 19 DE SETEMBRO
12:30 HORAS

*Saída desde a Oficina de Turismo de Oia.
Duración aproximada: 45 minutos.*

Gratuíta con inscrición previa.

Prazas limitadas.

INSCRICIÓN: cultura@concellodeoia.es

+INFO: 986 36 21 25

ACTIVIDADE INCLUÍDA NO PROXECTO "6X6 PUNTO DE ENCONTRO O ARRABAL"

#OteuXacobeo

#6x6PuntodeEncontro



galicia

 Xacobeo 21-22
Galicia

MA OFFERZOO


 XUNTA
DE GALICIA